



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL CATORCE.**

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e cinco de novembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Alicia Martínez Rodríguez, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, Celeste Nieto García, Juan J. Rodríguez Grandal, Manuel Domínguez Álvarez e Javier Domínguez Lino. Escusan a non asistencia os concelleiros Alberto Villaverde Méndez e M<sup>a</sup> Mar Villaverde Rosales así como a Interventora Municipal D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

Antes de proceder ao inicio da Sesión gárdase un minuto de silencio polo suceso ocorrido na PO-308 no que faleceu unha veciña de Raxó.

Así mesmo, o Alcalde pide que se trate este tema da Comisión Informativa de Urbanismo para buscar e propor solucións ao problema

4026.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 28 DE OUTUBRO DE 2014, NÚM. 505.- De conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta aos membros corporativos da acta correspondente á sesión anterior do 28 de outubro de 2014 número 505 e non suscitándose reclamación ou observación á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

4027- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “4011.- INTERVENCIÓN, EXP. 269/14.- SOLICITUDE CONCESIÓN BONIFICACIÓN NA COTA DO ICIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención e Urbanismo e notificouse á solicitante; 4012.- INTERVENCIÓN- TESOURERÍA, INFORME RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4013.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIONS NOMINATIVAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 4014.- BENESTAR SOCIAL, ACTUALIZACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación de acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 4015.- PATRIMONIO, RECTIFICACIÓN INVENTARIO 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao á Consellería de Facenda e Subdelegación do Goberno; 4016.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOBRE O MARISQUEO NO NOSO CONCELLO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e

remitiuse á Consellería do Medio Rural e do Mar; 4017.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO GALEGO A CUMPRIR A LEXISLACIÓN EN MATERIA DE MONTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería do Medio Rural e do Mar; 4018.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOBRE A RECUPERACIÓN DAS POLÍTICAS DE IGUALDADE DE TRATO ENTRE HOMES E MULLERES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Consellería de Traballo e Benestar Social e ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; 4019.- URBANISMO, DAR CONTA DO ACORDO Nº 12533, DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL, SOBRE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO ERRO NA RELACIÓN DE PROPIETARIOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE TRATAMENTO PAISAXÍSTICO E DE MUSEALIZACIÓN DA ÁREA ARQUEOLÓXICA DA CAEIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo; 4020.- PATRIMONIO, RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D. CÁNDIDO ESCUDERO SOBRAL, EXPEDIENTE INVESTIGACIÓN DE OFICIO TRAMO CAMIÑO EXISTENTE DETRÁS DO CEMITERIO DE SAN XOÁN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados no expediente; 4021.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DAS EELL RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 4022.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo e Benestar; 4023.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á PROHIBICIÓN DA PESCA DO XEITO NAS NOSAS COSTAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse ao Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente e á Consellería do Medio Rural e do Mar; 4024.- PATRIMONIO, DESAFECTACIÓN DO TERREO CORRESPONDENTE AO PARQUE DE COSTA XIRÁLDEZ, COMPROMISO DE INSCRICIÓN DA CESIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Servizo de Patrimonio do Concello e comunicouse á Dirección Xeral de Patrimonio do Estado.; 4025.- CONTRATACIÓN, PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS CORRESPONDENTES AO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (SÓLIDOS E SELECTIVA) LIMPEZA VIARIA E LAVADO E LIMPEZA DE CONTEDORES E PAPELEIRAS NO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Servizo de Contratación do Concello e notificáronse ás empresas presentadas á licitación.”.

A corporación dáse por enterada.

4028.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

O Sr. Moldes Martínez pregunta ao Sr. Alcalde se se ditou algún tipo de resolución en relación coas sancións de tráfico e se se procedeu á devolución diñeiro algún.

O Sr. Alcalde contesta que non se asinou decreto ningún pero si se falou coa empresa concesionaria do servizo para ir resolvendo os expedientes.

A Corporación dáse por enterada.

4029.- INTERVENCIÓN, BONIFICACIÓN ICIO CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE URBANISMO 185/14, DE OBRAS EN INMOBLE EN PEDAPORTA DE COMBARRO, DE D<sup>a</sup>. MARÍA ARGENTINA COUSELO TOURIÑO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado por D<sup>a</sup>. María Argentina Couselo Touriño, informado pola Intervención Municipal e elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2014 e que di o seguinte: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D<sup>a</sup> María Argentina Couselo Touriño, expte. núm. 185/14 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 28 de maio de 2014, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras de “Restauración dun hórreo situado en Rúa Pedaporta-Combarro”.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 17 de setembro de 2014.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar

favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 185/14, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada e propor ao Pleno a súa aprobación. ”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola comisión informativa adoptándose o seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Aprobar a declaración de especial interese das obras correspondentes ao expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 185/14, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

**Segundo:** Aprobar a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.

**Terceiro:** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de intervención e urbanismo e notificar a D<sup>a</sup>. María Argentina Couselo Touriño con indicación de que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

4030.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA APROBACIÓN LÍMITE GASTO NON FINANCEIRO ORZAMENTO 2015.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado, informe da intervención e proposta da alcaldía elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2014 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da proposta da alcaldía de data 6 de novembro de 2014 que di o seguinte: “ En virtude do exposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Cofreído o contido do informe da Intervención municipal relativo ó cálculo do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2015 onde o importe deste límite se fixa en 10.226.847,32€.

SE PROPÓN ao Pleno acordar a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2015 por importe de 10.226.847,32 euros.”, e do informe da Intervención Municipal de data 6 de novembro de 2014 que, textualmente di o seguinte: “ O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Respecto á coherencia coa regra de gasto, de acordo co artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, a variación do gasto computable das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, salvo que exista un equilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido.

De acordo cos seguintes apartados do artigo, o gasto computable correspondente a previsión de Liquidación do exercicio 2014 ascende a 9.779.579,84 euros, calculados como segue:

Empregos non financeiros 2015(1)	11.039.439,82 €
Intereses da débeda (2)	-88.503,70 €
Gasto financiado con fondos finalistas (3)	-1.022.130,10 €
Axustes SEC (4)	-149.226,18 €
<b>GASTO COMPUTABLE 2015 (5) ((1)-(2)-(3)-(4))</b>	<b>9.779.579,84 €</b>

(1) Previsión de obrigas recoñecidas dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos para o exercicio 2014.

(2) Previsión de obrigas recoñecidas do Capítulo 3 do estado de gastos para o exercicio 2014.

(3) Previsión gastos financiados con fondos Administracións Públicas no exercicio 2014.

(4) Axustes SEC 95 que inciden nos gastos: neste caso se practica o axuste correspondente as obrigas pendentes de aplicar o Orzamento (conta 413), que, segundo o Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado as Corporacións Locais, da Intervención xeral da Administración do Estado, se calcula pola diferenza do saldo da mencionada conta 413 a un de xaneiro, neste caso o saldo da mencionada conta a un de xaneiro do exercicio 2014, e a 31 de decembro: así, como a previsión é que o saldo final da conta 413 ( a 31/12/2014) sexa menor co inicial (a 1/1/2014) a diferenza dará lugar a un axuste como menor gasto non financeiro; prevendo que o saldo final da conta 413 a 31/12/2014 sexa 596.904,72€ e que o inicial a 1/1/2014 foi 746.130,90€ o axuste que se realiza ascende a cantidade de -149.226,18€. A previsión do saldo da conta a 31/12/2014 se obtén segundo a estimación fixada polo Sr. Alcalde na declaración emitida o pasado 18 de setembro de 2013 con relación a remisión de información sobre os Marcos Orzamentarios 2014-2016 solicitada a todos os Concellos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas así como nas declaracións que obran nos expedientes relativos a remisión de información trimestral o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos que se da conta o Pleno da Corporación nos meses seguintes o cumprimento de cada trimestre

A partir do Acordo do Consello de Ministros de 27 de xuño de 2014 polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das AAPP para o período 2015-2017 a porcentaxe de incremento a aplicar será 1,3% para o exercicio 2015. Polo tanto o Gasto computable actualizado ascende a 9.560.187,17 euros:

GASTO COMPUTABLE 2014 (5)	<b>9.779.579,84 €</b>
Taxa de referencia (6)	0,013
<b>GASTO COMPUTABLE ACTUALIZADO 2015 (7) ((5)*(6))</b>	<b>9.906.714,38 €</b>

Por outra banda, en aplicación dos apartados 4 e 5 do artigo 12, cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os incrementos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Así mesmo, cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse na contía equivalente.

GASTO COMPUTABLE ACTUALIZADO 2015 (7) ((5)*(6))	9.906.714,38 €
Incrementos permanentes de recadación (8)	0,00 €
Diminucións permanentes de recadación (9)	0,00 €
<b>GASTO COMPUTABLE MÁXIMO 2015 (10) ((7)+(8)-(9))</b>	<b>9.906.714,38€</b>

O límite de gasto non financeiro sería a suma do gasto computable máximo no exercicio 2015, os intereses de débeda (capítulo III do estado de gastos) e os gastos previstos financiados con fondos finalistas de Administracións Públicas:

<b>GASTO COMPUTABLE MÁXIMO 2015(10) ((7)+(8)-(9))</b>	<b>9.906.714,38 €</b>
Intereses de débeda 2015 (11)	100.000,00 €

Previsión gastos financiados con fondos finalistas (12)	220.132,94 €
<b>LÍMITE GASTO NON FINANCIERO 2015 (13) ((10)+(11)+(12))</b>	<b>10.226.847,32 €</b>

Polo que respecta á coherencia co obxectivo de estabilidade orzamentaria, o artigo 3 da LOEOSF dispón que a elaboración dos orzamentos dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da Lei (entre os que se atopan as Corporacións Locais), realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria. O artigo 11.4 da mesma norma regula a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria para as Corporacións Locais, que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario. Isto implica que **o gasto non financeiro (suma dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos), non poderá superar o importe da previsión de ingresos non financeiros (capítulos 1 a 7 do estado de ingresos), isto é, non poderá superar a cantidade de 10.290.000 euros.**

**Así, deberá terse en conta como límite do gasto non financeiro a menor das dúas cantidades antes calculadas, para cumprir tanto coa regra de gasto como co obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

Polo tanto **o límite de gasto non financeiro para o Orzamento do Concello da Poio para o exercicio 2015 ascende o importe de 10.226.847,32€.** En virtude do exposto, a suma das consignacións dos capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2015 non poderá superar a contía exposta como límite de gasto non financeiro.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2015 por importe de 10.226.847,32 euros.”.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Barreiro Lubián que explica que por segunda vez se trae ao Pleno este tipo de expediente, trátase dunha volta máis dun goberno que impide gastar ás administracións aínda que se teñan recursos, unha medida que imposibilita que se realicen melloras necesarias para a veciñanza, que se presten servizos a pesar de que se consideren oportunos, non podemos gastar máis que o 1,3% en relación ao exercicio anterior.

O Sr. Moldes Martínez di que os datos están baseados na xestión propia do Concello débese cumprir porque é un requisito legal adoptado pola administración estatal que podería cambiar se a xestión municipal fose doutra maneira.

O Sr. Barreiro Lubián insiste en que o goberno soamente deixa gastar o 1,3% aínda que se teñan recursos pero soamente existe unha lectura hai que xerar aforro e non gastar, soamente pagar débeda pública. Aforramos pero non podemos destinar aos servizos dos veciños nós pagamos aos bancos tal e como establecemos cando asinamos un préstamo.

O Sr. Moldes Martínez di que temos 7 millóns de débeda que algo terán que ver co que podemos gastar, aínda que se diga que se está realizando unha xestión fabulosa.

A Sra. Besada Lores di que a pesar de ter 7 millóns estamos na porcentaxe de débeda permitida, de feito este ano permítesenos pedir préstamo, temos uns solicitados cun cadro de amortizacións de xuros baixos, non están xerando cantidades importantes de intereses, obriga a pagar os xuros e dan prioridade aos intereses da banca.

O Sr. Barreiro Lubián di que nos informes emitidos dise como se calcula o gasto non financeiro, que non ten nada que ver cos préstamos. Non inflúe a débeda do Concello, baixamos dunha débeda do 115 % dos gastos correntes e agora é no 67% reducimos débeda a metade do orzamento. Vos queredes que non se gaste en servizos non se fixa límite á hora de pagar as amortizacións e intereses, que quedan excluídos deste cálculo. Poderíamos gastar todo o que quixeramos en bancos pero non en prestar servizos, é así, está calculado desa maneira pola lei estatal desa maneira por Lei de Madrid.

O Sr. Moldes Martínez di que baixan débeda a costa dos veciños porque no capítulo de investimentos figura cero.

O Sr. Alcalde di que se trata dunha imposición legal e nos cumprimos coa lei do teito de gasto aínda que se trata dunha medida que repercute negativamente para os intereses municipais.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2015 por importe de 10.226.847,32 euros.

**Segundo:** Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención para os trámites sucesivos do expediente.

4031.- INTERVENCIÓN, ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.- Pola Secretaría presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a providencia da alcaldía de data 4 de novembro de 2014 e elevado a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2014 e que di o seguinte: “Dáse conta da Providencia da Alcaldía de data 4 de novembro de 2014, da Memoria da Alcaldía e dos informes da Intervención Municipal de data 4 de novembro de 2014 e o da Secretaría Xeral de data 13 de novembro de 2014 e demais documentación integrante no Orzamento.

O Sr. Barreiro Lubián explica que se fai unha proposta para o ano 2015 do Orzamento por importe de 10.620.000 € na que a marxe para a súa elaboración é curta, sendo un Orzamento bastante similar aos dos anos anteriores; a continuación fai un desglose xenérico dalgúns dos capítulos de gastos do Orzamento, destacando o importe a destinar para investimentos, 327.936,11€, parte dos cales se financiarán cun préstamo a solicitar por importe de 300.000€. En canto os ingresos destacar a minoración ao redor do 75% do capítulo II onde figura o imposto sobre construcións, instalacións e obras motivada fundamentalmente, non tanto pola menor recadación, senón polas devolucións de ingresos motivadas polos desestamentos nas solicitudes de licenzas de obras de anos anteriores.

Por último, dicir que é un orzamento de mantemento que non dá para máis e que, segundo o informe da Intervención Municipal, cumprimos co principio de estabilidade orzamentaria.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Barreiro Lubián que di que se trata dun orzamento que cumpre a normativa, un presuposto de transición e que ascende a 10.620.000 € e a continuación realiza unha comparativa porcentual con relación aos incrementos e reducións que sofren as aplicacións presupostarias en relación ao presuposto no exercicio 2014, tanto no presuposto de gastos como no de ingresos.

Un presuposto adaptado á normativa que cumpre coas exigencias do estado nós baixamos débeda á metade e a administración da xunta incrementa o dobre, paradóxicamente xeramos remanente e non podemos facer uso deles, temos necesidades que debemos atender.

A Sra. Besada Lores manifesta a súa conformidade cos presupostos presentados e explica que se mantén a liña dos últimos anos priorizamos partidas sociais, cultura, educación... pedindo que non se baixaran en detrimento das Concellería do noso grupo. Entendemos que estamos nunha situación económica moi mala, ás demais administracións os servizos sociais non lle interesan pero nos entendemos que debemos incrementar esas partidas cara os veciños. Aprobamos mocións para que os veciños non sufriran mais deshaucios, que non estiveran sen luz sen auga nese sentido así se está levando a nosa xestión, con moita sensatez e con sensibilidade.

Cremos que non se trata dunha xestión mala, reducimos débeda, pouco máis se pode facer tendo en conta os recortes dos ingresos que temos e o límite do teito de gasto imposto polo goberno.

O Sr. Moldes Martínez di que presentan uns presupostos xa anunciados polo Partido Popular no ano 2012 no que non se realizaban investimentos e criticando ao goberno do estado, agora presumen de que poden pedir 300.000 €, seguramente un préstamo que utilizarán de forma partidista cara as vindeiras eleccións do mes de maio por iso desde aquí pedimos que se realicen comisións cos colectivos veciñais para facer un gasto que responda ás necesidades das parroquias e non para quitar rédito electoral.

Non é un presuposto real xa que sempre empezamos cunha cantidade negativa por exemplo, para o mes de

xaneiro ou febreiro traerase ao pleno expedientes de recoñecemento extraxudicial que ascenderá a 400.000 € e que se corresponderá con gasto deste ano. Entendemos que é un presuposto que non representa a realidade do Concello, pedimos que dalgunha maneira se priorice cos colectivos e se teña en conta a súa opinión e non se reparta cos grupos de goberno para as eleccións locais.

O Sr. Alcalde di que a solicitude do préstamo non responde a intereses partidistas nin mirando cara as eleccións do vindeiro ano. Neste presuposto formalizárase un préstamo porque a lei nolo permite, pediríamos todos os anos se o Sr. Rajoy non impuxera a medida de rebaixar a débeda dos concellos ao 75% xa que antes a porcentaxe era do 125% e nós tamén a cumpríamos xa que estábamos nun 115%. A xestión non é tan mala cando o Concello de Poio de dez está no número 9 en débeda por veciño así como non tivemos que recorrer a ningún rescate como hai concellos que pedían o pago da débeda a 30 anos. A pesar das trabas do goberno a nosa xestión é boa.

As partidas son pequenas e están destinadas a cuestións moi concretas tal e como establece a memoria, e tamén prevemos os pagos dos IVEs que agora temos que pagar cando nos dán as subvencións e temos que facer fronte.

Nos sempre priorizamos as necesidades dos veciños así como as dos colectivos, temos transparencia nese tema.

O Sr. Barreiro Lubián di que as previsións do PP de anos anteriores son equivocadas, porque a nosa situación é mellor da que prevía o PP fai dezaioito anos, non sabemos se pola nosa xestión ou pola xestión do Sr. Rajoy.

Non estamos orgullosos de rebaixar débeda desta forma, xa que consideramos que a administración debe estar endebedado para que o sistema funcione facendo fronte aos pagos. Sempre din que non se pode gastar ni pedir cartos pero pola débeda dos 7 millóns pagamos a débeda ao 1,2% e non ao 7% como queredes vós que se pidan.

No ano 2015 haberá eleccións locais pero o ano pasado houbo eleccións europeas, non hai moita diferenza, a xente non vota tendo en conta o último ano.

Está claro que poderían ser uns presupostos mellores pero as normas non nos deixan, esa é a verdade non é unha desculpa. Aplicamos o principio de prudencia aínda que ingresaremos máis do que presupostamos, estamos prevendo o gasto o normal é que ingresemos máis, seguramente un 10% máis e por iso gastaremos un 10% máis.

O Sr. Rodríguez Grandal manifesta que o Concello o único que fixo foi subir os impostos, como pode ser o IBI, que comparativamente coa subida dos salarios é incongruente.

O Alcalde di que efectivamente o Concello subiu o IBI pero para adaptalo o mínimo que establece o Estado que é o 0,50%, podémolo subir máis pero non o facemos.

O noso Concello págalle a todos os provedores, pecha con todo a cero, o ano pasado foi en febreiro. Se nos poñemos a reparar houbo anos moito peores cando se debía a Fenosa e a seguridade social.

Se amortizamos podemos pedir préstamos aquí os únicos afectados son os veciños de Poio que ven afectados os seus servizos, aínda que o básico cumprimos, xa que non creo que os veciños digan que firon afectados os seus servizos.

A Sra. Besada Lores di que o PP no ano 2012 xa sabía o que ía facer o equipo de goberno no ano 2015, entendo ao Sr. Moldes que xa o supera porque recorde cando gobernaba o PP en Poio que non facía nada en 3 anos e actuaba os días antes das eleccións abrindo camiños. Non presumimos da débeda pero é un reproche constante do PP, por iso o dicimos que se rebaixou, ademais estaba no noso programa electoral. Aínda que parece incongruente cando aos concellos se lle pide que rebaixen débeda e o estado triplica, gustaríame saber a que responde. Antes reprochábase que non se gastase todo o presuposto cremos que se debe ser serio cando se está na oposición. A política do grupo municipal socialista foi sempre a de prestar servizos equitativamente en todas as parroquias, e agora vindes aquí e quedades moi ben pedindo que se fale cos colectivos.

Hai que prever as achegas das subvencións que nos poidan dar, xa que agora xa nos obrigan a pagar como mínimo o IVE, que grazas ao PP está no 21% antes a porcentaxe era menor segundo a valoración.

As modificacións presupostarias temos unha interventora moi sensata e previsora que elabora uns presupostos, digamos que baixos e temos a sorte de que cando finalizamos o ano podemos pagar facturas coas modificacións presupostarias. Este ano vaise a pagar parte do investimento da PO308 tan necesario, parte do 2015 non é a totalidade e un semestre, e o PP votou en contra.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2014, o que queda aprobado por 10 votos a

favor (8 BNG e 2 PSOE), 5 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2015 xunto cos anexos que constan no expediente (anexo de investimentos, as bases de execución do orzamento, o cadro de persoal (plantilla), relación de postos de traballo e anexo de subvencións), de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

**Segundo:** Someter o expediente a información pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra polo prazo de 15 días hábiles, para a presentación de alegacións ou reclamacións e de non presentarse reclamación ou alegación ningunha entenderase aprobado definitivamente, procedéndose a súa publicación íntegra.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4032.- ALCALDÍA, PROPOSTA DE TRASLADO DE MESAS ELECTORAIS DO LOCAL ELECTORAL “ESCOLA DE MÚSICA DE CAMPELO” AO “LOCAL SOCIAL DE CAMPELO”.- Dáse conta do expediente tramitado iniciado a proposta da alcaldía e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2014 e que di o seguinte: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 10 de novembro de 2014 que, textualmente, di o seguinte: “Desde hai moitos anos as Mesas Electorais, para as distintas eleccións convocadas, do Distrito 01, Sección 005 están ubicadas no Local Electoral ESCOLA DE MÚSICA DE CAMPELO e dado que este Concello de Poio ten outro local máis adecuado a tal fin, esta , esta Alcaldía PROPÓN que, para as sucesivas eleccións, ditas Mesas Electorais se trasladen para o LOCAL SOCIAL DE CAMPELO sito en Praza da granxa nº 10 baixo, local 3 do lugar de campelo”.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se pase o acordo á Unidade de Estatística para que o comunique á Oficina do Censo Electoral para realizar as modificacións oportunas. ”

Toma a palabra o Sr. Alcalde e explica que o cambio de local responde unicamente a cuestións organizativas xa que no local social existe maior accesibilidade para os votante.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o traslado das Mesas Electorais correspondentes ao Distrito 01 Sección 005 ao Local Social de Campelo sitas en Praza da Granxa, 10 Bx Local 3 do lugar de Campelo.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo á Unidade de Estadística do Concello para que o comunique á Oficina do Censo Electoral instando o cambio de dito local electoral.

4033.- MOCIÓNS, DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA QUE O CONCELLO DE POIO INSTE Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE SE DIRIXA AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA SOLICITAR UNHA HARMONIZACIÓN NORMATIVA EN MATERIA CATASTRAL E URBANÍSTICA E QUE REALICE NEGOCIACIÓNS PARA AXILIZAR A RESERVA OFICIAL DO SOLO EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS.- De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común antes de comezar a deliberación do presente asunto auséntase do Salón de Sesións o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

Dáse conta do expediente tramitado sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2014 e que di o seguinte: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PP do Concello de Poio, de data 12 de novembro de 2014 con data de entrada no Rexistro Xeral o día 12 de novembro de 2014 que, tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos: “ 1. Que el



Concello de Poio inste a la Xunta de Galicia para que se dirija al Gobierno de España con el objetivo de solicitar una armonización entre la legislación del Estado en materia catastral y urbanística en la definición de suelos de naturaleza urbana y rústica. 2. Que el Concello de Poio comience a realizar las negociaciones posibles con empresas, particulares y la administración para agilizar la reserva oficial del 30 por ciento de suelo en las zonas destinadas a polígonos empresariales”

A Comisión por unanimidade acordou que pase directamente a Pleno para o seu estudo.”

A continuación e antes de comezar o debate polo Concelleiro Delegado de Urbanismo preséntase emenda á totalidade da moción presentada e que está subscripta polos Grupos Municipais do BNG e do PSOE a que procede dar lectura íntegra: “O polígono industrial de Fragamoreira e un proxecto que naceu en 2000 con motivo da aprobación do Plan de Ordenación de Poio, no cal se incluía un chan urbanizable de 340 mil metros cadrados en Fragamoreira.

A posta en funcionamento deste polígono estaba intimamente ligada á construción da alternativa Norte que lle daría os accesos necesarios que a estrada do Muíño facía imposible. En novembro de 2004 inaugurouse esta estrada e xa dende un ano antes, o Equipo de Goberno, viña facendo xestións para que a Xunta de Galicia puxera en marcha o Polígono de Fragamoreira, que dada a súa situación perto de Pontevedra e perfectamente comunicado por autopista co Porto de Marín e Vigo, facían que o interese do empresariado de Poio e a comarca de Pontevedra polo mesmo fose a primeira alternativa para a posta en marcha de novos proxectos empresariais ou a ampliación dos existentes.

A pesar das evidentes razóns do interese comarcal deste polígono, a Xunta de Galicia, gobernada polo PP, decidira non sacalo adiante. Ante esta desidia, o Concello xa no ano 2004 tomara a decisión, a pesar do esforzo administrativo e financeiro que este proxecto supuña, construílo por iniciativa municipal mediante a constitución dunha empresa pública.

Co cambio de goberno na Xunta de Galicia, e sendo evidente que a construción do polígono non era un capricho senón que tiña un importante interese comarcal, a Xunta a través de XESTUR, fíxose cargo deste proxecto. Dende maio do 2006, data na que se asinou o convenio con Xestur ata 2009, período no cal é competencia do BNG a xestión de XESTUR, elaborase o parcelario do Polígono, contrátase e redactase o Plan Parcial, adquirense o 20% dos terreos, e exponse ao público en dúas ocasións e conseguíronse os informes favorables de cinco administracións. Esta tramitación parálizase pola Deputación Provincial cando impide que os accesos ao Polígono se fagan a través da estrada de Campaño.

Paradóxicamente en xuño do ano 2007 durante a 1ª exposición pública do Plan parcial, a Deputación informa favorablemente es proxecto, sen embargo un ano despois, en xullo de 2008 este mesmo organismo informa que os accesos ao polígono a través do nó que une a estrada do Muíño coa Alternativa Norte non eran os adecuados. Durante catro anos, ata o 26 de xuño de 2012, data na que se aproba definitivamente o Plan Parcial, a tramitación do Polígono, que dependían dun acceso a través da estrada provincial, ten a súa tramitación paralizada.

Non hai que esquecer que os accesos ao Polígono foron deseñados pola Xunta de Galicia cando o Sr. Agustín Hernández era Director Xeral de Estadas, sen embargo, como técnico da Deputación Provincial, informa que estes mesmos accesos non eran adecuados, e, posteriormente, como Conselleiro da CMATI, dálle de novo o visto bo os mesmos accesos. Como se explica estes cambios de criterio?

Sen dúbida o desenvolvemento do polígono de Fragamoreira é unha importante competencia para o polígono de Barro-Meis construído pola Deputación Provincial. A maneira de paralizalo era alegando contra os accesos cando XESTUR era competencia do BNG. Cando XESTUR volveu a ser competencia do PP, Javier Domínguez é o seu Xerente, a Deputación xa tiña garantido a paralización definitiva deste proxecto.

Despois de cinco anos, co goberno do PP na Xunta, aprobouse o Plan Parcial, non antes de corraxir erros premeditados na redacción do documento que retrasaron a súa aprobación.

Dente entón o PP no único en que traballou foi en facerlle ver as empresas interesadas que o Polígono de Fragamoreira non se ía desenrolar e que a mellor opción era a de Barro Meis. Froito desta estratexia é que as empresas de Poio con necesidade de expansión ou de mellorar as súas instalacións, teñen que irse de Poio.

A actitude da Deputación de Pontevedra, e en xeral do PP, foi desleal co Concello de Poio. Os motivos son evidentes:

1.- Paralizar e retrasar todo o posible unha infraestrutura fundamental para o desenvolvemento de Poio pensando só nos intereses partidistas do PP.

2.- Evitar a competencia que o Polígono de Fragamoreira ía ter sobre o de Barro-Meis que xestiona a Deputación.

Sen dúbida unha actuación que raia na prevaricación e da cal haberá que pedir responsabilidades a quenes informaron seguindo consignas políticas sen criterios técnicos e perseguindo un obxectivo que prexudicaba a Poio.

Agora o PP de Poio, nun alarde de demagogia pídenos que fagamos xestión con empresas, particulares e administracións para conseguir unha reserva do 30% do chan do polígono para facelo viable. Despois de anos boicoteando este Polígono, retrasando todo o posible a súa tramitación con informes claramente boicoteadores, incluíndo no Plan sectorial de áreas industriais para desenrolar a partir do ano 2024, e facendo que a única empresa que podía facelo viable se vaia a Barro-Meis, non parece serio que nos pidan que fagamos xestións para facelo viable. Tal vez pretenden que o Concello de Poio faga de representante comercial do polígono de Barro-Meis buscando empresas para este Polígono. O Polígono de Fragamoreira tivo durante máis de 10 anos unha empresa esperando que ocupaba 100.000 m2 pero as maquinacións do PP conseguiron levala de Poio.

Son moitas as empresa aínda con interese en Fragamoreira, sen embargo, calquera empresa sabe que ocupar 100.000 m2 do polígono é moi difícil neste tempos de crise, pero máis difícil é si hai unha institución que oferta terreo industrial con prezos rebaixados en Barro Meis, e que ademais tendo o control sobre XESTUR en canto ao desenrolo de FRAGAMOREIRA. Que garantías se lle pode ofrecer a estas empresas? Pode XESTUR darlles unha data para a posta en funcionamento do Polígono ou ofreceralle Barro-Meis?

Por último non podemos esquecer cal foi a labor do PP de Poio en toda esta estratexia. Sen dúbida o seu apoio sempre foi feble, con abstencións na aprobación do Plan Parcial, lanzando consignas entre os propietarios opóndose á compra dos terreos por XESTUR, e agora amparando a estratexia DEPUTACIÓN-XESTUR en contra dos intereses dos veciños.

#### EMENDA

Por todo o exposto, solicítanse a aprobación dos seguintes acordos

1.- Que o Concello de Poio inste á Xunta de Galicia para que se dirixa o goberno de España co obxectivo de solicitar a non suxeición ao Imposto de Bens Inmóbeis daqueles chans urbanizables que tendo o correspondente instrumento de planeamento aprobado para a súa transformación en chan urbano, aínda non teñan a súa urbanización executada.

2.- Dirixirte á Deputación Provincial de Pontevedra e XESTUR manifestándolle o rexeitamento a súa falla de lealdade cos veciños de Poio, que lles impide o seu desenrolo comercial e industrial cunha estratexia onde priman os intereses partidistas e que supoñen unha clara ruptura dos principios lealdade e cortesía que entre institucións se debe manter.”.

A continuación toma a palabra o Sr. Moldes Martínez e di que presentan a moción debido as sentenzas do supremo, a raíz de denuncias de cidadáns e onde existía controversia a hora de valorar os chans urbanizables, non dotados de servizos non se deberían de cobrar impostos por iso nos o pedimos, proposta ampliable a todos os casos de Poio, amparado nesta sentenza e evitar o pagamento así como nas medidas das súas posibilidades o Concello intente a promoción e compromiso para a reserva oficial en Xestur do Solo. Algúns concellos presentan certificados de non edificabilidade a instancia do catastro.

O Sr. Barreiro Lubián di que hai unha sentenza en Extremadura e outra en Madrid, pero fala de casos concretos, a FEMP está tratando este tema. Extrapolalo a todos os casos é complicado, o problema é que o goberno non prevé isto; está falado co catastro xa que terreos urbanos sen urbanizar neste país temos infinitos, o catastro non ten controversia con facenda porque eles son facenda. O problema que se plantexa é que agora hai terreos cualificados como urbanos que non cumpren xa que son forestais porque antes non pasaba moito tempo entre a aprobación do plan e a aprobación do instrumento de desenvolvemento.

No 2º punto di que o Concello debe facer un esforzo para negociar coas empresas para a reserva de solo. Está claro, que o que quere é traballar para Barro Meis como fixo o presidente da Deputación, xa que o que fixo é tirar o de Poio, xa que todo foron impedimentos desde que se iniciou a tramitación do Polígono, con informes favorables primeiro e despois desfavorables polos accesos e parálizano durante catro anos.

Estamos convencidos que se actuou con deslealdade co noso Concello, porque nos consta que Froiz tiña un interese máximo en instalarse en Fragamoreira esperando anos. Agora piden que se desbloquee e se xestione cando a empresa que ía ocupar máis metros cadrados manifestou que se instalará noutro lugar.

A secretaria do concello solicita do Alcalde o uso da palabra para dar conta en mellor medida aos membros corporativos do alcance da sentenza do Tribunal Supremo e dos seus fundamentos xurídicos, en especial das competencias que corresponden ao Estado en base ao disposto no art. 149.1.1º da Constitución garantindo un contido mínimo ao dereto de propiedade, competencias que na actualidade materialízanse no Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que aproba o texto refundido da Lei do solo, e as facultades que corresponden as Comunidades Autónomas sobre ordenación do territorio e urbanismo.

A Sra. Besada Lores manifesta que lle parece increíble e de unha gran desfachatez que o PP tumbe o polígono de Poio e despois presenten esta moción, nunca deixarán de sorprendernos. Paréceme un acto covarde que o Sr. Domínguez sendo concelleiro en Poio e xerente de xestur non queira estar neste debate. Sabemos que Louzán fixo o polígono por capricho e empezaron con conversas con Froiz ata que o convenceron para que se instalara en Barro-Meis.

Dixeron que o Polígono ía ser unha realidade no 2012 e aínda estamos esperando polos proxectos de urbanización que se redactaron pero que nunca chegaron ao Concello.

O Sr. Alcalde di que a única lectura é que non apostaron polo noso polígono e intentaron favorecer ao de Barro castigando a Poio. Ademais non soamente se vai Froiz, hai máis empresas que se ían instalar en Poio e que agora non o farán. Cremos que se actuou con premeditación contra o noso polígono. Sabemos que o único castigo que hai é por cuestións políticos.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación de forma independente a moción e a emenda presentada obténdose o seguinte resultado:

Moción do PP:

Votos a favor: 4 do PP

Votos en contra: 10 votos (8 BNG e 2 PSOE)

Abstencións: 1 voto do PP (Javier Domínguez Lino)

Emenda do BNG-PSOE:

Votos a favor: 10 votos (8 BNG e 2 PSOE).

Votos en contra: 4 votos do PP.

Abstencións: 1 voto do PP (Javier Domínguez Lino).

A vista do resultado da votación o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 4 votos en contra e 1 abstención do PP (Javier Domínguez Lino) adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro:** Que o Concello de Poio inste á Xunta de Galicia para que se dirixa o goberno de España co obxectivo de solicitar a non suxeición ao Imposto de Bens Inmóveis daqueles chans urbanizables que tendo o correspondente instrumento de planeamento aprobado para a súa transformación a chan urbano, aínda que non teñan a súa urbanización executada.

**Segundo:** Dirixirse a Deputación Provincial de Pontevedra e a XESTUR manifestándolle o rexeitamento a súa falla de lealdade cos veciños de Poio, que lles impide o seu desenvolvemento comercial e industrial cunha estratexia onde priman os intereses partidistas e que supoñen unha clara ruptura dos principios de lealdade e cortesía que entre institucións se debe manter.

4034.- MOCIÓN, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA E POLA PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES VULNERABLES.- Dáse conta do expediente tramitado e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de novembro de 2014 e que di o seguinte: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Poio, do mes de novembro de 2014 con data de entrada no Rexistro Xeral o día 12 de novembro de 2014 que, tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos: O concello de Poio insta a Xunta de Galicia a: 1. Habilitar unha liña de axudas sobre un

servizo mínimo de subministro de enerxía (electricidade e gas), que garanta que ningún fogar poda ser privado dun mínimo de cobertura enerxética de subsistencia entre o 1 de novembro e o 31 de marzo de cada ano, que permita garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza enerxética.

Esta liña de axudas desenvolveranse no ámbito das políticas de benestar social, máis alá da colaboración coa Consellería de Economía e Industria, e arbitraranse medidas que faciliten a súa solicitude a aquelas familias afectadas por este problema. 2. Demandar ao Goberno de España a que de forma inmediata presente no Congreso dos Deputados para o seu debate e aprobación un proxecto de lei de protección dos consumidores vulnerables e contra a pobreza enerxética.”

A Sra. Besada Lores explica o contido da mesma indicando que existen diferentes estudos socio-económicos no que sinalan que existen xa máis de 300.000 persoas de Galicia as que teñen graves dificultades para facer fronte ao recibo da luz ao final de mes, debendo dar prioridade ou elixir entre que cuestións básicas de subsistencia, moi unidas ao desenvolvemento dunha vida digna, poden permitirse e cales non.

En emerxencia social se paga algunha factura pero Servizos Sociais non pode soportar máis ese gasto, é imposible de asumilo, propónse que estes gastos o asuman a Xunta de Galicia coa habilitación dunha liña de axudas para todo o mundo.

O Sr. Rodríguez Grandal di que o control sexa por parte do Concello coas axudas da Xunta de Galicia ou do Goberno de España.

A Sra. Besada Lores contéstalle que si sería por parte de Servizos Sociais.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** O concello de Poio insta a Xunta de Galicia a:

a). Habilitar unha liña de axudas sobre un servizo mínimo de subministro de enerxía (electricidade e gas), que garanta que ningún fogar poda ser privado dun mínimo de cobertura enerxética de subsistencia entre o 1 de novembro e o 31 de marzo de cada ano, que permita garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza enerxética.

Esta liña de axudas desenvolveranse no ámbito das políticas de benestar social, máis alá da colaboración coa Consellería de Economía e Industria, e arbitraranse medidas que faciliten a súa solicitude a aquelas familias afectadas por este problema.

b). Demandar ao Goberno de España a que de forma inmediata presente no Congreso dos Deputados para o seu debate e aprobación un proxecto de lei de protección dos consumidores vulnerables e contra a pobreza enerxética.

4035.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA CESPA, SA ANO 2014.- De conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a ratificación da inclusión do presente asunto na orde do día ao non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

A continuación pola Secretaria dáse conta do expediente formado e iniciado a instancia de CESPA. SA concesionaria do Servizo de recollida de residuos sólidos urbanos en todo o municipio con data de rexistro o 17 de novembro de 2014 e solicitan a revisión de prezos da concesión de dito servizo para o ano 2014.

Emitidos os informes polo Enxeñeiro Municipal, Intervención Municipal sométese a consideración do Pleno da Corporación a proposta da alcaldía de data 20 de novembro de 2014 e que di “ Aprobar a remuneración para o exercicio 2014 a que ten dereito a empresa concesionaria CESPA, SA para a concesión do Servizo de Recollida de RSU e limpeza viaria polo importe de 630.106,39 € anuais (sen IVE).

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 Bng e 2 PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións do PP aprobou a proposta da alcaldía adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar a remuneración para o exercicio 2014 a que ten dereito a empresa concesionaria CESPAS, SA para a concesión do Servizo de Recollida de RSU e limpeza viaria polo importe de 630.106,39 € anuais (sen IVE).

**Segundo:** Notificar o presente acordo á empresa concesionaria con indicación de que de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por vía administrativa contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

4036.- ALCALDÍA, PROPOSTA DE DIVISIÓN DE MESAS ELECTORAIS DO DISTRITO 01 SECCIÓN 006 NO “CENTRO DE SERVICIOS SOCIAIS”.- De conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a ratificación da inclusión do presente asunto na orde do día ao non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

A continuación pola Secretaria procédese a dar lectura á proposta da alcaldía de data 18 de novembro de 2014 e que di o que segue: “ Visto o listado de Mesas Electorais pódese observar que as mesas correspondentes ao Distrito 01 – Sección 006, Mesas A e B no Local Electoral CENTRO DE SERVICIOS SOCIAIS pasan dos 1.500 electores o que fixo que no último proceso electoral se demore excesivamente o escrutinio e dado que actualmente existe espazo suficiente para colocar unha mesa máis, esta Alcaldía PROPÓN que para as sucesivas eleccións se distribúan ditas mesas da seguinte forma:

Distrito 01, Sección 006: Mesa A, comprendendo os apelidos “A-F”; Mesa B, comprendendo os apelidos “G-M” e Mesa C, comprendendo os apelidos “N-Z”, sendo o mesmo Local Electoral de “CENTRO DE SERVICIOS SOCIAIS” en Rúa Domingo Fontán nº 4 do lugar de Caeira.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou a antedita proposta da alcaldía adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a división das Mesas Electorais do Distrito 01 Sección 006 a partir das vindeiras eleccións da seguinte maneira: Distrito 01, Sección 006: Mesa A, comprendendo os apelidos “A-F”; Mesa B, comprendendo os apelidos “G-M” e Mesa C, comprendendo os apelidos “N-Z”, sendo o mesmo Local Electoral de “CENTRO DE SERVICIOS SOCIAIS” en Rúa Domingo Fontán nº 4 do lugar de Caeira.

**Segundo:** Comunicar o presente acordo á Oficina do Censo Electoral aos efectos que procedan.

4037.- PERSOAL, MODIFICACIÓN CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO

CONCELLO DE POIO.- De conformidade co disposto no Real decreto legislativo 256871986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a ratificación da inclusión do presente asunto na orde do día ao non ser ditaminado previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

A continuación dáse conta do expediente e da proposta conxunta asinada polos representantes sindicais do CSI, CIG e CCOO no que se propón a modificación do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Poio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día 13 de febreiro de 2014 no seguintes termos:

“Artigo 13º.— Permisos

...//...7.- Permiso por asuntos particulares:

— Cinco días ó ano sen necesidade de xustificación ou os que legalmente se establezan. Estes días non poderán acumularse aos períodos de vacacións anuais. Cando por razóns de servizo non sexa posible disfrutar do mencionado permiso antes de finalizar o mes de decembro estes poderanse disfrutar dentro do mes de xaneiro do ano seguinte. Igualmente, concederáse un día adicional de asuntos particulares por cada unha das festividadeas laborais de ámbito nacional ou autonómico de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble, cando coincidan con sábado no dito ano.

— Sen perxurio do anterior, e sempre que as necesidades do servizo o permitan, os días por asuntos particulares así como, no seu caso, os días de permiso previstos no artigo 20.2. parágrafo primeiro, poderanse acumular aos días de vacacións que se disfruten de forma independente.

— Os días de asuntos particulares non disfrutados non poderán ser compensados en metálico...//...

Artigo 34º.— Estructura salarial e clasificación.

A estrutura retributiva do persoal incluído no ámbito de aplicación deste convenio colectivo configúrase a través dos seguintes conceptos, que se definirán na táboa salarial anexa a este convenio:

...//...d) Complemento do posto de traballo: Corresponde ao nivel do posto de traballo que se desempeñe. Engadir: Non se lle aboará este complemento ao persoal contratado a través de axudas e/ou subvencións destinadas ao financiamento de programas de emprego ou similar en colaboración con outras administracións públicas ...//...

Esta modificación será de aplicación ás contratacións formalizadas a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 67º.- Préstamos sen xuro

Engadir: As cuestións non previstas neste artigo referentes a concesión destes préstamos a súa devolución ou reintegro anticipado así como a súa fiscalización posterior regularase nas bases de execución do presuposto.

Anexo I.- Táboa Salarial

...//... Persoal laboral fixo, indefinido e persoal contratado dependente do Concello de Poio agás o persoal contratado a través de subvencións e/ou axudas de plans de emprego ou similar con outras administracións públicas: ...//...”

Constan no expediente informes de disconformidade emitidos pola Intervención Municipal de data 10 de novembro e 2014 e por secretaria de 13 de novembro de 2014 así como acta da reunión da Mesa de Negociación de data 20 de novembro de 2014.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou a proposta realizada polos representantes sindicais adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a modificación dos artigos 13, 34, 67 e Anexo I do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Poio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 13 de febreiro de 2014 quedando

redactados da seguinte maneira:

- Artigo 13º.— Permisos. 7.- Permiso por asuntos particulares:

— Cinco días ó ano sen necesidade de xustificación ou os que legalmente se establezan. Estes días non poderán acumularse aos períodos de vacacións anuais. Cando por razóns de servizo non sexa posible disfrutar do mencionado permiso antes de finalizar o mes de decembro estes poderanse disfrutar dentro do mes de xaneiro do ano seguinte. Igualmente, concederáse un día adicional de asuntos particulares por cada unha das festividades laborais de ámbito nacional ou autonómico de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble, cando coincidan con sábado no dito ano.

— Sen perxurio do anterior, e sempre que as necesidades do servizo o permitan, os días por asuntos particulares así como, no seu caso, os días de permiso previstos no artigo 20.2. parágrafo primeiro, poderanse acumular aos días de vacacións que se disfruten de forma independente.

— Os días de asuntos particulares non disfrutados non poderán ser compensados en metálico...//...

- Artigo 34º.— Estructura salarial e clasificación.

A estrutura retributiva do persoal incluído no ámbito de aplicación deste convenio colectivo configúrase a través dos seguintes conceptos, que se definirán na táboa salarial anexa a este convenio:

d) Complemento do posto de traballo: Corresponde ao nivel do posto de traballo que se desempeñe. Engadir: Non se lle aboará este complemento ao persoal contratado a través de axudas e/ou subvencións destinadas ao financiamento de programas de emprego ou similar en colaboración con outras administracións públicas.

Esta modificación será de aplicación ás contratacións formalizadas a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

- Artigo 67º.- Préstamos sen xuro

Engadir: As cuestións non previstas neste artigo referentes a concesión destes préstamos a súa devolución ou reintegro anticipado así como a súa fiscalización posterior regularase nas bases de execución do presuposto.

Anexo I.- Táboa Salarial.- Persoal laboral fixo, indefinido e persoal contratado dependente do Concello de Poio agás o persoal contratado a través de subvencións e/ou axudas de plans de emprego ou similar con outras administracións públicas.

**Segundo:** Remitir o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Relacións Laborais aos efectos da súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios colectivos, depósito no Servizo de Relacións Laborais así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

MOCIÓN URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

4038.- MOCIÓN DE APOIO Á CORRECTA ETIQUETAXE DO MEXILLÓN TRANSFORMADO.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no artigo 91.4 do Real decreto lexislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Sr. Alcalde presente na sesión toma a palabra e comenta aos membros corporativos presentes na sesión que con data 24 de novembro de 2014 número de rexistro 6095 presentouse no Rexistro Xeral escrito xuntado 54 sinaturas e solicitan da Corporación acordo de apoio de modificación de normativa referente á correcta etiquetaxe do mexillón transformado e en conserva e unha vez oído aos voceiros dos grupos municipais os tres apoiámos o texto presentado.

A continuación procédese a dar lectura do texto íntegro e que di o seguinte: “Con ocasión da recente revisión da Política Común de Pesca o Regulamento da Organización Común de Mercados da Pesca e da Acuicultura establece que a partir do 13 de decembro do 2014 se aplicará en toda a Unión Europea unha nova normativa de etiquetado dos produtos da pesca e da acuicultura, que deixa fora destas obrigas aos produtos da pesca e da acuicultura transformados e en conserva, entre eles o mexillón.

Esta nova situación legal permite ocultar a orixe do mexillón procedente de terceiros países transformado ou en

conserva, prexudica ao consumidor nos seus dereitos e intereses, favorece ás empresas que comercializan mexillón foráneo ocultando información en claro prexuízo das empresas que procesan mexillón cultivado en Galicia, o que repercute directa e negativamente no emprego e no sector primario, e consecuentemente na economía costeira e ás familias.

O mexillón configura un sector estratéxico na economía local de Galicia. A Xunta de Galicia afirma que o sector do mexillón xera en Galicia mais de 30.000 postos de traballo, incluídos os que se induce en diversas actividades: empresas destinatarias do mexillón (procesadores, cocedoiros, conserveiras, depuradoras de moluscos, centros de conxelación e pasteurización...), así como nas empresas provedoras da industria (estaleiros, cordeiras, carpintería, montaxes e maquinaria...) e nas actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etcétera. A importancia económica da industria do mexillón, únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, xa que ten a capacidade de irradiar beneficios socioeconómicos a amplas capas da poboación, converténdose nun mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

O Regulamento (UE) 1169/2011 establece que a Comisión Europea elaborará e presentará antes do 13 de decembro do 2014 ao Consello e ao Parlamento Europeo, un informe e unha proposta de modificación normativa, sobre a indicación obrigatoria do país de orixe ou do lugar de procedencia dos ingredientes que representan mais do 50% dun alimento, cal é o caso do mexillón transformado ou en conserva.

Esta é unha nova oportunidade para recuperar o dereito do consumidor a ser informado, e unha nova oportunidade para a defensa do Mexillón de Galicia e dos múltiples intereses a el vinculados, e debe ser o propio sector quen lidere esta defensa.

Nesta liña o Consello Regulador do Mexillón de Galicia ten elaborado un documento -dispoñible na dirección electrónica que de seguido se cita- dirixido e presentado á Comisión Europea informando da situación específica do Mexillón de Galicia e solicitando que o mexillón sexa incluído no informe e na necesaria modificación normativa: <http://www.mexillondeg Galicia.org/images/pdf/InformeComisionR11692011GAL.pdf>

Dito informe foi trasladado á Conselleira do Medio Rural e do Mar, así como a os candidatos dos partidos parlamentarios galegos ao Parlamento Europeo. Tamén ás organizacións de consumidores, organizacións sindicais, profesionais, etc. solicitándolles a súa adhesión á finalidade do mesmo, e todas cantas propostas e accións contribúan a dita finalidade.

Así pois, para reforzar estes argumentos positivos e contribuír a acadar o obxectivo de etiquetar debidamente os produtos transformados e conservas do mexillón, propoñemos que o Pleno debata esta proposta e:

1.- Acorde defender a obriga de indicar a especie e o país de orixe na etiquetaxe do mexillón transformado e en conserva, apoiando a modificación normativa que se detalla no punto seguinte.

2.- Acorde instar ao Parlamento de Galicia a debater o contido desta moción e darlle traslado á Comisión Europea da seguinte proposta, así como que inste á Xunta de Galicia a igual acción:

A) Modificación do Regulamento de execución (UE) 404/2011 da Comisión:

1) o apartado 12 do artigo 67, substitúese polo seguinte texto:

"12. A información indicada nas letras a) e h) do artigo 58, apartado 5 do Regulamento de control non se aplicará aos produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada, agás os produtos da subpartida 160553 [mexillóns (*Mytilus* spp., *Perna* spp.)] e 16055900 [os demais]."

2) o apartado 5 do artigo 68, substitúese polo seguinte texto:

"5. O presente artigo non se aplicará aos produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada, agás os produtos da subpartida 160553 [mexillóns (*Mytilus* spp., *Perna* spp.)] e 16055900 [os demais]."

B) Modificación do Regulamento (UE) 1379/2013, do Parlamento Europeo e do Consello; modifícase o parágrafo introdutorio do apartado 1 do artigo 35, como sigue:

"1. Sen prexuízo do Regulamento (UE) nº 1169/2011, os produtos da pesca e da acuicultura enumerados nos puntos a), b) c) e d) no anexo I do presente Regulamento e os produtos da subpartida 160553 [mexillóns (*Mytilus* spp., *Perna* spp.)] e 16055900 [os demais], que se comercialicen dentro da Unión, con independencia da súa orixe ou do seu método de comercialización, poderanse ofrecer á venda ao consumidor final ou a colectivos, unicamente cando se indique no mercado ou na etiquetaxe correspondentes:"

3.- Acorde instar á Xunta de Galicia a que apoie e dea traslado á Comisión Europea da modificación normativa



detallada no punto anterior.

4.- Acorde remitir ao Consello Regulador do Mexillón de Galicia o texto do acordo acadado polo Pleno Municipal.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes aprobou o texto de apoio para solicitar a modificación da normativa de etiquetaxe do mexillón transformado e en conserva adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Defender a obriga de indicar a especie e o país de orixe na etiquetaxe do mexillón transformado e en conserva, apoiando a modificación normativa que se detalla no punto seguinte.

**Segundo.**- Instar ao Parlamento de Galicia a debater o contido desta moción e darlle traslado á Comisión Europea da seguinte proposta, así como que instar á Xunta de Galicia a igual acción:

A) Modificación do Regulamento de execución (UE) 404/2011 da Comisión:

1) o apartado 12 do artigo 67, substitúese polo seguinte texto:

"12. A información indicada nas letras a) e h) do artigo 58, apartado 5 do Regulamento de control non se aplicará aos produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada, agás os produtos da subpartida 160553 [mexillóns (*Mytilus* spp., *Perna* spp.)] e 16055900 [os demais]."

2) o apartado 5 do artigo 68, substitúese polo seguinte texto:

